



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 05 DE OUTUBRO DE 2020

LICENZAS / FAVORABLES.-

LIC/1405/2019.- Concédese licenza para executar obras de ampliación e reestructuración de vivenda unifamiliar na rúa Escultor Xosé Eiroa, 7.

LIC/812/2020.- Concédese licenza para a construción de vivenda unifamiliar illada no lugar de Son de Abaixo, 37

LIC/274/2019.- CONSORCIO DE SANTIAGO.- Apróbase a licenza do proxecto modificado para obras de adecuación da ala sur do Convento de San Domingos de Bonaval, por un importe de 2.325.017,88 euros.

5.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á adxudicación do contrato de "Servizo de actualización da cartografía SIG de referencia municipal a escala 1:500 no ámbito da Cidade e a escala 1:1000 no resto do termo municipal de Santiago de Compostela, e a xeración dunha TRUE-ortofotografía dixital de resolución 10 cm". CON/38/2020. Acórdase adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa TRACASA INSTRUMENTAL SL, por un importe total de **96.800 euros**, IVE engadido (80.000 euros máis 21% de IVE que ascende a 16.800 euros), ao ser a súa oferta a única presentada e cumprir os requirimentos dos pregos de aplicación. Así mesmo, compromete unha ampliación do prazo de garantía en 12 meses, a entrega da cartografía en formatos dgn, dwg, e kml cos seus atributos e simboloxía, a entrega en modelo 3D de todo o ámbito de traballo, cun nivel básico da cidade a nivel volumétrico, con posibilidade de análise dos atributos da cartografía e a entrega dun estudo do modelo de datos actual para a coordinación e mellora da xestión de servizos municipais do Concello.

6 - 7. IBI: solicitude de beneficio fiscal-Proposta da concelleira delegada de economía e facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre bens inmobles. Apróbase a resolución das solicitudes de beneficios fiscais de dous particulares.

8 - 44. IIVTNU (Plusvalía): solicitude de beneficio fiscal-Proposta da concelleira delegada de economía e facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana. Apróbanse a resolución de beneficios fiscais de varios particulares.

45 - 47. ICIO: Proposta da concelleira delegada de economía e facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre construcións, instalacións e obras. Apróbase a resolución de beneficios fiscais correspondente a tres solicitudes.

48 – 151 Expediente TXX/401/2020 - IVTM:Proposta da concelleira delegada de economía e facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre vehículos de tracción mecánica. Apróbase a resolución de beneficios fiscais de varias solicitudes.

152.- Propostas da concelleira delegada de Economía e Facenda relativas á concesión de exencións na taxas pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos. Acórdase conceder a exención solicitada das citadas taxas, por cumprir cos requisitos esixidos a once suxeitos pasivos por un periodo de xullo a decembro de 2020, nun dos casos; e de agosto a decembro de 2020 no resto; en tanto se manteñan as condicións que motivaron o seu outorgamento. .

153.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á desestimación dun recurso de reposición interposto por un particular contra acordo da sesión de data 1.6.20, relativo á solicitude de bonificación no IBI. Acórdase proceder á desestimación do recurso de reposición, mantendo o establecido no acordo da Xunta de Goberno Local de data 01/06/2020, dado que o valor catastral do inmovible é superior ao máximo de 190.000 euros establecido na normativa reguladora.

154.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á estimación dun recurso de reposición interposto por un particular, relativo a solicitude de bonificación no IBI. Acórdase estimar o recurso de reposición e concederle a bonificación do 10% no Imposto de Bens Inmóveis. O mantemento e a porcentaxe de bonificación, de ser o caso, estará condicionada ao cumprimento dos requisitos esixidos para o seu disfrute que serán obxecto de revisión anual.

155.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa ao rexeitamento dun recurso de reposición interposto por unha entidade relixiosa contra acordo da sesión de data 3.2.20, relativo á solicitude de exención no Imposto sobre o aumento de valor dos terreos de natureza urbana. Acórdase rexeitar o recurso de reposición, mantendo o establecido na Xunta de Goberno Local de 03/02/2020, polo que se rexeita a solicitude de exención no citado imposto, por non cumprir os requisitos esixidos para o disfrute do beneficio fiscal, dado que non concorre o elemento obxectivo da exención mixta porque non se mantén a finalidade non lucrativa do inmovible, xa que non se realiza ningunha actividade relixiosa, asistencial... propia destas entidades, se non que se trata dunha transmisión a título oneroso da igrexa a un particular dun inmovible destinado a vivenda que non goza da execución no IBI.

156.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á denegación de solicitude de bonificación no Imposto sobre construcións, instalacións e obras, presentado por un particular. Acórdase denegar a bonificación do 50% no citado imposto en relación coas obras de “reparación de baldosas e azulexos e colocación de plaqueta noutro baño” desenvolvidas nun inmovible da Av.de Ferrol, por non cumprir o requirimento especificado polo Servizo de Urbanismo no informe emitido e non quedar acreditado, por tanto o cumprimento dos requisitos esixidos para o disfrute da mesma.

157.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á denegación da solicitude de exención no Imposto sobre o aumento de valor dos terreos de natureza urbana, presentada por Fundación Monte do Gozo. Acórdase denegar a exención do citado imposto por non cumprir os requisitos esixidos para o disfrute do beneficio fiscal.

158.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á sinatura de diversos convenios con entidades do sector cultural 2020. Apróbase a sinatura dos seguintes convenios:

- Coa Asociación O Galo, por un importe de **5.000 euros**.
- Coa Asociación Cultural Cidade Vella, por un importe de **20.000 euros**.
- Co Ateneo de Santiago, por un importe de **20.000 euros**.

159.- Proposta da concelleira delegada da área de Políticas Sociais relativa ao peche da convocatoria de concesión de bolsas de comedor escolar, material escolar e actividades extraescolares curso 2019/2020, e posterior liberación de crédito para dar cobertura ao programa da renda de garantía básica. Acórdase declarar o peche da convocatoria das citadas bolsas, e proceder á liberación da cantidade **de 204.330 euros**, unha vez que a convocatoria de bolsas de comedor, material escolar e actividades extraescolares do curso 2019/2020 está xa rematada. Esta cantidade está previsto que se destine á Renda de Garantía Básica.

160.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa á aprobación do texto do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a ASOCIACIÓN PARA LA LUCHA CONTRA LAS ENFERMEDADES DEL RIÑÓN (ALCER CORUÑA). Ano 2020. Apróbase o texto do convenio de colaboración para o ano 2020 entre o Concello de Santiago de Compostela e a "Asociación para la Lucha Contra las Enfermedades del Riñón (ALCER Coruña), por unha contía de **4.000 euros**.

161.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa á aprobación do texto do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a ASOCIACIÓN DE PAIS DE PERSOAS CON TRANSTORNO DE ESPECTRO AUTISTA (T.E.A.) DA PROVINCIA DE A CORUÑA (ASPANAES). Ano 2020. Apróbase o texto do convenio de colaboración para o ano 2020 entre o Concello de Santiago de Compostela e a "Asociación de Pais de Persoas con Transtorno de Espectro Autista (T.E.A.) da provincia da Coruña (ASPANAES) por unha contía de **3.000 euros**.

162.- Proposta da concellaría delegada de Igualdade relativa á aprobación do texto do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA. Ano 2020. Apróbase o texto do convenio de colaboración para o ano 2020 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) por unha contía de **11.000 euros**.

163.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á solicitude de continuidade do servizo de limpeza e desinfección de dispositivos de auga quente sanitaria e auga fría de consumo humano para o control e prevención da contaminación por lexionela nas instalacións deportivas municipais. Acórdase a aprobación dunha nova orde de continuidade do citado servizo, que está a desenvolver a empresa ASGRONERGA S.L. por un tempo estimado de 2,5 meses a contar desde o pasado 27 de setembro e ata o 11 de decembro, mentras se procede á adxudicación da nova prestación. O orzamento para este período de tempo manterá a facturación actual e ascende á cantidade de **3.729,61 euros**, IVE engadido.

164.- Proposta da concelleira delegada de Deportes e Benestar Animal relativa á aprobación do expediente de "Prestación do servizo de limpeza e desinfección de dispositivos de auga quente sanitaria e auga fría de consumo humano para o control e prevención da contaminación por lexionela nas instalacións deportivas municipais", aprobación do gasto e apertura do procedemento de adxudicación. CON/53/2020. Acórdase a aprobación do citado expediente, así como a aprobación do gasto correspondente á apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de **84.461,92 euros**, IVE engadido (69.803,24 euros máis 21% de IVE que ascende a 14.658,68 euros).

165.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á cesión de uso do Estadio Municipal Verónica Boquete de San Lázaro á Real Federación Galega de Fútbol para a celebración da Final categoría Preferente (tempada 19-20). Acórdase:

- A autorización especial de uso, con carácter gratuito, do Estadio Municipal Verónica Boquete de San Lázaro, a favor da Real Federación Galega de Fútbol para a organización da final da categoría programada para o domingo, 11 de outubro. O uso deberá realizarse a porta pechada, sen público, seguindo os protocolos sanitarios en vigor.
- Permitir a colocación de elementos publicitarios que deberán ser retirados despois de cada partido. A publicidade que se coloque deberá cumprir coa normativa vixente e instalarse naqueles espazos que se consensuen co departamento de Deportes. A entidade queda obrigada a colocar publicidade institucional do Concello de Santiago como colaborador no desenvolvemento do evento.
- A entidade solicitante será responsable da correcta organización do evento, así como do cumprimento da lexislación vixente. Ademais, deberá adoptar as medidas de seguridade e sanitarias necesarias actualmente en vigor. Por outra banda, a Real Federación Galega de Fútbol terá a responsabilidade de facerse cargo dos desperfectos que se produzan en calquera dependencia das empregadas dentro do Estadio, con motivo da celebración do evento, debendo ser subsanados na maior brevidade posible. Ao efecto, deberá ter contratada unha póliza de seguro, en contía suficiente, que cubra calquera eventualidade ou incidencia.
- En base ás necesidades que se determinan á vista dos diferentes protocolos de aplicación, no suposto de que estas supoñan un incremento da prestación dos servizos habituais do Estadio de San Lázaro, tales como limpeza, conserxería, e outros, a RFGF deberá asumir o seu custo de forma directa.

166.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural relativa á adxudicación do contrato de "Execución das obras definidas no "Proxecto de reforzo do firme da estrada de Chaian entre Marzo de Abaixo e límite do termo municipal" POS + 2017". CON/2/2020. Acórdase adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS SL, por un importe total de **63.826,97 euros**, IVE engadido (52.749,56 euros máis 21% de IVE que ascende a 11.077,41 euros), ao ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

167.- Proposta da concelleira delegada de Modernización relativa ao reaxuste de fitos da adxudicación para o subministro de postos de traballo informatizados para a solución de administración electrónica do Concello de Santiago de Compostela. Acórdase modificar o contrato reaxustando as duracións de cada fito segundo a táboa que se indica de seguido, o que supón unha duración do contrato total de 238 días, o que implica un reaxuste de anualidades, permitindo adiantar a execución do contrato ao presente ano 2020 de parte do que estaba previsto executar na anualidade de 2021.

168.- Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade relativa á indemnización polo desequilibrio da prestación do contrato de "Xestión dos expedientes sancionadores por infraccións contra a normativa de tráfico vial urbano e calesquera outras infraccións nos ámbitos de seguridade, mobilidade, medio ambiente e servizos comunitarios do Concello de Santiago de Compostela"; por mor da suspensión do contrato durante a pandemia. Apróbase o gasto e recoñécese a obriga de abonar á entidade SCI (Servizos de Colaboración Integral SLU), adxudicataria do citado contrato, a cantidade de 23.087,50 euros, en concepto de indemnización pola supresión do contrato dende o 1 de abril ao 1 de xuño de 2020, en base ás determinacións contidas no artigo 34.1 do RD Lei 8/2020.

169.- Proposta do concelleiro delegado de Obras relativa á aprobación do proxecto de rexeneración do pavimento da calzada da rúas Clemente Fernández Sarela e Fernando de Casas Novoa. Apróbase o proxecto técnico de rexeneración do pavimento da calzada da rúa Clemente Fernández Sarela e da Rúa Fernando de Casas Novoa coas seguintes condicións:

- De apareceren restos arqueolóxicos, comunicarse de contado á DXPC, que indicará as medidas protectoras e correctoras que estime oportunas en coordinación coa Sección Municipal de Arqueoloxía do concello de Santiago.
- Respectaranse as rasantes, anchura, e o trazado das vías, e coidarase de non afectar aos elementos de carácter natural, tradicional ou patrimonial (muros tradicionais de pedra, valos, sebes, noiros, arboredo de frondosas autóctonas, fontes, regos e canles de desaugue, pombais, cruceiros, etc.) situados nas marxes.

O orzamento total da obra é de **347.699,51 euros**, IVE engadido (287.354,97 euros máis 21% de IVE que ascende a 60.344,54 euros). O prazo de execución é de 3 meses.

170.- Proposta da concelleira delegada de Facenda e Persoal relativa á corrección de erro na sesión de 22.7.20. Acórdase corrixir un erro na data dun dos acordos.

171.- Aceptación da subvención do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos). POS+ADICIONAL 2, para gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles. Acórdase:

- Aceptar a subvención da Deputación Provincial da Coruña, cun importe de **344.787,90 euros**, para financiar a execución dos investimentos incluídos no Plan provincial de cooperación ás obras e investimentos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS + ADICIONA 2/2020:
 - “Mellora do tramo viario dende o entorno da N-550 en Barciela ata Casas de Arriba en Cesar: tramo da igrexa de San Andrés de Barciela ata cruce de Candelabeira”. 260.000 euros.
 - “Ampliación da rede de abastecemento en Piñeiro de Enfesta, Frades e Gunín (Enfesta)”: 84.787,90 euros.
- Dar conta deste acordo á oficina orzamentaria para os efectos de tramitar a correspondente modificación orzamentaria con fundamento no compromiso de ingreso da subvención, polo importe de 344.787,90 euros.

172.- Dar conta das Resolucións das Concellerías Delegadas. Dase conta.

URXENCIAS

- 1. Proposta da concellaría de Urbanismo relativa á solicitude de COGAMI da concesión demanial da parcela EQ Leste do SUNP-4. Cancelas para a contrución dun edificio adaptado destinado a sede central da organización en Galicia e dos tres centros de emprego.** Acórdase outorgar á Confederación Galega de persoas con Discapacidade (COGAMI) por un prazo de 25 anos unha concesión demanial sobre a parcela EQ-Leste do SUNP-4. Cancelas, para a construción dun edificio adaptado destinado a sede central de COGAMI en Galicia e dos tres centros de emprego COMBINA SOCIAL, ACTIVA e GES, con suxeción ás normas contidas nas diferentes cláusulas, entre as que destacan:
 - a. Ao concello de Santiago correspóndelle a titularidade do inmovible. COGAMI ostentara un dereito real sobre a edificación, correspondéndolle a administración, conservación, mantemento e demais actuacións que require o correcto uso e utilización deste inmovible.
 - b. COGAMI deberá aceptar a presente concesión no prazo máximo dun mes, salvo causa xustificada; e constituír unha garantía de **93.040,83 euros** nos quince días seguintes á notificación do acordó de outorgamento da concesión.
 - c. O Concello reservase a facultada de inspección do ben obxecto de concesión, e das actividades realizadas no inmovible e nas súas instalacións.

Departamento de Prensa. Tfno: 981 54 31 09. Fax: 981 58 96 88. E-mail: prensa@santiagodecompostela.org

- d. Unha vez que COGAMI xustifique a constitución da garantía definitiva e acredita a devandita aceptación, o Concello procederá á formalización en documento administrativo da presente concesión, dado que a teor do establecido no Art.93.2 da LPAP será título suficiente para inscribir a concesión no Rexistro da Propiedade.

2. **Dación de conta sinatura convenios de colaboración entre o concello de Santiago e as seguintes asociacións locais de comercio para levar a cabo un programa de reactivación das compras mediante a entrega de bonos de aparcadoiro: *Fundación Santiago Centro Centro Área Comercial; Asociación de Empresarios e Profesionais Centro Comercial Aberto Compostela Monumental; Asociación Em Rede de iniciativas empresarias de Santiago e comarca; e Asociación Punto Compostela Centro Comercial Aberto.*** Dase conta da sinatura dos citados convenios polos seguintes importes:

- Fundación Santiago Centro Centro Área Comercial. Subvención nominativa por importe de **29.166 euros**.
- Asociación de Empresarios e Profesionais Centro Comercial Aberto Compostela Monumental. Subvención nominativa por importe de **29.166 euros**.
- Asociación Em Rede de iniciativas empresarias de Santiago e comarca. Subvención nominativa por importe de **5.000 euros**.
- Asociación Punto Compostela Centro Comercial Aberto. Subvención nominativa por importe de **36.666 euros**